

# Formulario de alta na Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación (AGPTI)



Para solicitares a alta na AGPTI debes seguir estes pasos:

1. Enche o formulario de alta e envíanolo por correo electrónico.
2. Achega a seguinte documentación segundo a categoría de socia/o á que queiras pertencer:
  - Profesionais da tradución e da interpretación:
    - Por conta propia: copia da declaración censual de alta na actividade (modelo 036 ou 037) e do último boletín de cotización á Seguridade Social (se es socia dunha cooperativa, unha carta desta).
    - Por conta allea: copia de contrato, carta, certificado ou calquera documento da empresa ou institución en que conste que estás contratado/a como tradutor/a ou intérprete ou que desempeñas este tipo de labor no teu posto de traballo.
    - Residentes fóra de España: copia do xustificante da autoridade fiscal e da seguridade social ou do banco (con respecto ao pagamento de cotas) para o equivalente a autónomos, ou ben do contrato de traballo ou outro documento pertinente para conta allea.
  - Estudantes de grao, mestrado ou doutoramento en Tradución e Interpretación: copia do resgardo de matrícula do curso actual.
  - Persoas tituladas en Tradución e Interpretación: copia do título ou da solicitude de expedición.
3. Envíanos unha fotografía dixital de cara cunha resolución aceptable e 1 MB de peso como máximo para incluír no teu carné de asociada/o e, unicamente para profesionais, na ficha pública que vai aparecer no buscador de profesionais en [www.agpti.org](http://www.agpti.org).

Unha vez recibida a documentación, a xunta directiva da AGPTI comprobará a conformidade da solicitude cos estatutos. Se a túa solicitude cumpre os requisitos estipulados, despois de aboares a cota correspondente recibirás un correo electrónico de confirmación da túa alta na asociación e calquera outra información pertinente.

As cotas de inscrición (exentas de IVE) como socia/o teñen carácter anual e son de 70 € para profesionais e 30 € para estudantes e tituladas/os. O pagamento da primeira cota realízase por transferencia bancaria á conta da asociación por adiantado para o ano natural ou os trimestres restantes. As cotas sucesivas abóanse a principios de ano.

A AGPTI é unha asociación sen ánimo de lucro que vai adiante grazas ao traballo voluntario das socias/os. Para sabermos cales son as capacidades de traballo reais que temos nas distintas áreas, pregámosche que cubras o apartado «Áreas de traballo de interese na asociación» tendo en conta a túa capacidade e os teus coñecementos. Se tes calquera outra dúbida á hora de cubrires o formulario, escribenos a [secretaria@agpti.org](mailto:secretaria@agpti.org).

Unha vez cuberto, garda o formulario como arquivo PDF para poderes conservalo e enviárnolo por correo electrónico a [secretaria@agpti.org](mailto:secretaria@agpti.org). En «Comentarios» podes incluír calquera outra información que queiras engadir (por exemplo, outras combinacións lingüísticas cos códigos da ISO639).

				Espazo reservado á administración da AGPTI	
				N.º de socia	
				Data da alta	
Nome completo				Pronomes	
NIF ou pasaporte			Data de nacemento		
Enderezo postal					
Código postal			Localidade		
Enderezo electrónico 1			Enderezo electrónico 2		
Enderezo electrónico ROLDA AGPTI	Usar enderezo 1 * Marcar con X	Usar enderezo 2 * Marcar con X		Outro:	
Teléfono fixo				Móbil	
Sitio web ou perfil web					
Categoría	<input type="checkbox"/> PROFESIONAL		<input type="checkbox"/> ESTUDANTE		<input type="checkbox"/> TITULADA/O

## Áreas de traballo de interese na asociación

- Grupo de traballo sobre o sector da interpretación
- Grupo de traballo sobre a situación da tradución e interpretación xurada en Galicia
- Grupo de traballo sobre o sector da tradución audiovisual
- Grupo de traballo sobre o sector da tradución literaria
- Grupo de traballo sobre o uso de trad. automática, posedición e IA no sector da trad.

Lei orgánica 15/1999, de protección de datos. Real Decreto 1720/2007

Os datos persoais serán incluídos nos ficheiros da Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación (AGPTI), debidamente inscritos no Rexistro Xeral de Protección de Datos, coa finalidade de manter o contacto por teléfono, correo electrónico ou correo ordinario e para a xestión administrativa e contable unha vez establecida a relación entre a asociación e as persoas asociadas despois de formalizaren a inscrición.

Os datos persoais achegados poderían quedar aloxados en servidores de almacenamento na nube (como Dropbox ou Google Drive) situados fóra do espazo da Unión Europea, en países onde o grao de seguridade podería ser inferior ao establecido na Unión Europea. Ao marcar a casa de aceptación, a persoa solicitante da alta dá o seu consentimento á AGPTI para proceder á devandita transferencia de datos e consente que algúns dos seus datos sexan publicados no sitio web da asociación, na súa correspondente ficha profesional do «Buscador de profesionais», agás no caso de darse de alta na categoría de tituladas/os ou estudantes. A persoa solicitante poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición dirixíndose por escrito, con copia do seu DNI, ao enderezo social da AGPTI, sito na rúa Manuel Gutiérrez Mellado, 10, 15179 Santa Cruz-Oleiros (A Coruña).

<input type="checkbox"/> Marca esta casa para aceptar o tratamento dos teus datos persoais  <input type="checkbox"/> Marca esta casa para inscribirte no boletín de novas da AGPTI	Lugar, data e sinatura
--	------------------------

Espazo reservado á administración da AGPTI	
N.º de socia	
Data da alta	

Nome completo	
---------------	--

## SERVIZOS<sup>1</sup>

Linguas (listaxe non exhaustiva e exemplos de códigos da [norma ISO 639](#))

Alemán: DE. Árabe: AR. Catalán: CA. Chinés: ZH. Español: ES. Francés: FR. Galego: GL. Grego: EL.  
Inglés: EN. Italiano: IT. Neerlandés: NL. Portugués: PT. Ruso: RU. Turco: TR. Xaponés: JA...

Tradución		Interpretación		Corrección/revisión		Postedición	
IP*	ID*	IP	IP	ID	ID	IP	ID
Tradución xurada		Interpretación xurada		Subtitulado**		Dobraxa***	
IP	ID	IP	ID	IP	ID	IP	ID
Localización				Transcrición			
IP	ID	IP	ID	IP	ID	IP	ID

\* IP: idioma de partida; ID: idioma de destino

\*\* Indicar tamén ST para xordos (por ex., "cód. lingua + X") \*\*\* Abrangue *voice-over*

<sup>1</sup> Este apartado só é aplicable ás solicitudes de alta como profesional. A información será engadida ao noso banco de datos. Tamén poderás indicar a información relativa aos servizos prestados na túa ficha (área privada da web). Será a que aparecerá no «Buscador de profesionais» da páxina da asociación: [www.agpti.org](http://www.agpti.org).

Espazo reservado á administración da AGPTI	
N.º de socia	
Data da alta	

Nome completo	
---------------	--

**Ámbitos de especialidade<sup>2</sup>**  
 (recomendamos marcar un máximo de 4)

- |  |   |
|--|---|
| <input type="checkbox"/> ARTE<br>(sociais, historia e xeografía, música)       | <input type="checkbox"/> EDITORIAL<br>(novela, poesía, ensaio, cómic...)    |
| <input type="checkbox"/> AUDIOVISUAL<br>(videoxogos, dobraxe, subtítulos...)   | <input type="checkbox"/> INFORMÁTICA<br>(software, novas tecnoloxías)       |
| <input type="checkbox"/> CIENCIA<br>(textos científicos, divulgativos)         | <input type="checkbox"/> MEDICINA<br>(saúde, farmacoloxía...)               |
| <input type="checkbox"/> COMUNICACIÓN<br>(RR. HH., márketing e publicidade...) | <input type="checkbox"/> MODA<br>(deporte, luxo, perfumaría e cosmética)    |
| <input type="checkbox"/> DEREITO<br>(civil, penal, público, privado...)        | <input type="checkbox"/> TÉCNICA<br>(textos técnicos, manuais, instrucións) |
| <input type="checkbox"/> ECONOMÍA<br>(banca, finanzas, seguros)                | <input type="checkbox"/> TURISMO<br>(hostalaría, restauración, viaxes...)   |

**Os teus comentarios e as túas achegas:**

Moitas GRAZAS!

<sup>2</sup> Este apartado tamén só é aplicable ás solicitudes de alta como profesional. A información será engadida ao noso banco de datos. Tamén poderás indicar a información relativa aos servizos prestados na túa ficha (área privada da web) que reflectirá o «Buscador de profesionais» da páxina da asociación: [www.agpti.org](http://www.agpti.org).